



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

A 27 de xuño de 2003, reunidos D. Augusto Viso Alonso, Xerente da Universidade de Vigo e doutra, a representación sindical do persoal laboral de administración e servicios formada por CCOO, CIG e UGT, manifestan

1. Que con data 4 de abril de 2002 asinaron o I convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Vigo, publicado no Diario Oficial de Galicia o 6 de agosto de 2002.
2. Que a disposición adicional 5<sup>a</sup> do I convenio colectivo recolle que “a Universidade de Vigo aceptando o principio de homoxeneización retributiva do seu persoal, comprométese a facer extensiva a retribución por trienios ó persoal eventual que acrede períodos de contratación por parte desta que sumen tres anos ou múltiplos de tres. Estedereito seralles recoñecido desde o momento que se produza o acordo que faga extensiva a retribución por antigüidade ó conxunto do persoal contratado de natureza temporal”.
3. Que, non obstante o anterior, para o persoal laboral incluido no ámbito de aplicación do convenio colectivo é preciso adoptar un acordo de concreción do disposto na disposición adicional 5<sup>a</sup>, pactada de mutuo acordo.

polo que,

#### ACORDAN

**Primeiro:** Os efectos da retribución por antigüidade do persoal eventual terase en conta o seguinte

*Persoa laboral temporal.*

*Logo de solicitude de recoñecemento, o persoal laboral contratado temporalmente que complete un período de 3 anos de servicios prestados na Universidade de Vigo, terá dereito a percibi-la mesma cantidade có persoal laboral fixo en concepto de antigüedad. Este concepto aboarase tanto nas pagas ordinarias como nas 3 pagas extraordinarias. Os efectos económicos serán do primeiro día do mes seguinte á data de solicitude.*

**Segundo:** O presente acordo vincula ás partes nos mesmos termos con que o fai o convenio colectivo, e se incorporará como anexo ó convenio sen que resulte necesario a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**Terceiro:** O presente acordo terá efectos a partir da data da súa sinatura.

O XERENTE

Augusto Viso Alonso

Pola CIG

Cándido Pérez Betanzos

Por CCOO

Manuel Velasco Graña

Por UGT

José Andrés Zapirain Fernández